

REGULAMENTO

LIGA GALEGA

CAIAC POLO

REGULAMENTO

LIGA GALEGA

CAIAC POLO

1.- COMITÉ DE DISCIPLINA e COMPETICIÓN

Cada competición terá o seu propio Comité de Competición de acordo cos Regulamentos da F.G.P.

Funcións do xuíz Árbitro:

Comprobar como responsable da federación, as condicións da lámina de auga, porterías, ambulancia durante o torneo, vestiarios e instalacións en xeral, solicitando ao delegado, a subsanación das deficiencias si as houberse, e en caso grave poderá suspender o torneo.

Tramitar as sancións, decisións arbitrais nos torneos, comprobación acumulacións de tarxetas levar a contabilidade de goles e amoestacións.

Ao finalizar cada torneo, terá a obrigaón de enviar á federación, a acta e as clasificacións para a súa posterior publicación na páxina web.

O Xuíz Árbitro poderá arbitrar calquera partido, substituindo o árbitro principal, antes do comenzo do partido ou durante o descanso entre partes, sempre que o considere oportuno ou o solicite algún dos equipos que xogan o partido.

Tramitar todas as reclamacións que terán que realizarse nos impresos oficiais e achegando o pago de 20€ en efectivo, que serán devoltas en caso de resolver a reclamación ao seu favor.

Funcións Comité de Competición:

A función disciplinaria e de competición en torneos da Liga será realizada polo **Comité de Competición de Caiac Polo** como paso previo ao Xuíz Único e Comité de Apelación.

2.- FORMACIÓN

A Liga Galega estará formada polos equipos masculinos e femininos dos clubs galegos que á súa vez estean afiliados á F.G.P, cumprindo cos requisitos de estar todos os seus deportistas en posesión da licenza federativa para a tempada 2024.

As mulleres que queiran xogar cos homes terán que inscribirse dentro da relación de xogadores dun equipo masculino. **Non hai límite de mulleres na Liga Masculina, sempre e cando se inscriban nese equipo masculino.**

Esixírase a participación de polo menos dous equipos por categoría para realizar una Liga. No caso de que non ocorrese este mínimo, nos equipos de mulleres, estas pasarían á liga sub-21, cando no torneo non exista esta categoría (dado que son alternos) pasarían a formar parte da liga masculina. Si isto ocorrese nalgunha das dúas categorías sub-16, formarase unha liga única.

As mulleres en caso de non ter dous equipos para realizar unha liga poderán competir en equipos masculinos que puntuarían como masculinos non existindo a categoría mixta ao non ser puntuable nin baremable nas subvencións públicas ou

aplicar a mesma normativa que as mulleres absolutas.

A efectos de puntuación final da liga, os equipos que se acheguen a outra, terán a súa propia clasificación final.

Todos os clubs deberán enviar á F.G.P. un listado inicial cos nomes dos padexeiros e árbitros **7 días de antelación do primeiro torneo**, que poderá ser aumentada ao longo da tempada comunicándollo á F.G.P. cunha antelación de 10 días antes de cada torneo.

Así mesmo, todos os clubs que vaian participar na Liga, deberán ter un técnico con titulación mínima de **ADESTRADOR BÁSICO NACIONAL OU NIVEL 1** para poder participar na mesma.

Para realizar a actividade de caiac polo 2024 e contando que non se podería realizar torneos que ocasionen gastos á federación propónse o seguinte modelo de actividade. O número de torneos sairá das solicitudes dos organizadores nas datas xa fixadas pola federación.

Os clubs que non organicen torneos, terán que abonar unha cota de inscrición en cada torneo da Liga. Esta será de 50 Euros e terá que ser abonada ao club organizador. Sen o pago desta cota, non se autorízase a participación no torneo.

A continuación detállanse as necesidades para a celebración do torneo.

Ambulancia.....(a cargo do organizador e durante todo o torneo)
Campo de xogo.....(a cargo de organizador) poderíase pedir á F.G.P.
Carpas.....(a cargo de organizador) poderíase pedir á F.G.P.
Vestuarios.....(a cargo do organizador)
Trofeos.....(a cargo do organizador)
Megafonía.....(a cargo de organizador) poderíase pedir á F.G.P.

Os clubs que desexen realizar o seu torneo nas instalacións de VERDUCIDO, poderán facelo con previa solicitude.

3.- XUÍCES e ÁRBITROS

A competición será dirixida por un Xuíz Árbitro, que será nomeado pola Federación Galega de Piragüismo, órgano que tamén nomeara o árbitro principal e poderá nomear un árbitro de mesa

Os árbitros de cada partido serán designados no cuadrante de cada torneo, podendo variar a inscrición en cada torneo.

Cada club, deberá aportar en cada torneo un equipo auxiliar arbitral de 4 persoas (1 principal auxiliar, 2 de mesa e 2 de liña).

4.- PARTICIPACIÓN

Poderán participar na LIGA os deportistas dos equipos integrantes da mesma, sempre que cumpran os requisitos establecidos de licenza e categoría para a tempada 2023.

Poderase invitar a participar en dita Liga aos clubs doutras Ligas sen custo ningún para eles, co fin de aumentar o nivel do Caiac Polo Galego. Estes entran na clasificación do torneo pero no final da clasificación da Liga.

Cada club terá dereito de **SUBIR E BAIXAR** un máximo de **TRES** padexeiros a categorías superiores e inferiores, ata cando coincidan no mesmo torneo en data e sé. Os padexeiros veteranos sempre se poderá BAIXAR ata a categoría senior

Sempre que o equipo conte cun mínimo de 3 xogadores presentes, sen contar cos tránsitos, para así poder garantir o correcto desenvolvemento da competición e o horario marcado.

Estes cambios realizásen se sempre que correspondan ás súas categorías. Os deportistas q se combinen en dúas categorías teñen que reflectirse na folla de inscrición dos equipos cos que compita.

O deportista só poderá subir ou baixar unha categoría.

En ningunha categoría poderase realizar cambios entre equipos filiais.

5.- CATEGORÍAS

As categorías e divisións serán as seguintes:

- **Sénior Masculina**
- **Sénior Feminina**
- **Sub-21**
- **Sub-16**

Nas categorías sénior poderán participar padexeiros: Veteranos, Séniores, Sub-21, Xuvenís e Cadetes.

Nas categorías Sub-21 poderán participar padexeiros Sub-21, Xuvenís e Cadetes.

As categorías Sub-21 poderán inscribir equipos con padexeiros de ambos de ambos sexos conformando equipos con padexeiros de sexo masculino unicamente ou sexo masculino e feminino no mesmo equipo.

6.- PUNTUACIÓNS DOS PARTIDOS

Establécese, para cada partido da Liga, a puntuación seguinte:

PARTIDO GAÑADO	3 puntos.
PARTIDO EMPATADO	1 punto.
PARTIDO PERDIDO	0 puntos.
PARTIDO NON PRESENTADO	-2 puntos + sanción

7.- SISTEMA DE COMPETICIÓN

A formación dos grupos en cada torneo rexeráse polo sistema que se emprega na LIGA NACIONAL DE CAIAC POLO cando haxa 8 ó máis equipos por categoría.

Cando o número de equipos participantes por categoría sexa inferior a 8, (6, 7) empregarase o sistema de 2 GRUPOS.

So se fará o método de todos contra todos cando a inscrición sexa de 5 ou menos equipos.

O Comité de Competición resérvase o dereito a variar o sistema de competición si o número de equipos participantes, dispoñibilidade de instalacións do organizador, etc. así o aconsellen.

Para a formación dos grupos do **PRIMEIRO TORNEO**, seguirase a clasificación final da LIGA Galega de Caiac Polo 2021-2022.

Si un equipo non disputou o ano anterior a Liga Galega establecerase o seguinte criterio para asignarlle o seu posto no ranking (de mellor a peor posto asignado):

- Equipos que participen máis recentemente nunha liga (dentro das últimas 3 ligas). En caso de igualdade, entre 2 ou máis equipos, atenderase ao que obteña mellor posto nesa liga.
- Equipos de recente creación ou que non participen nas 3 últimas ligas galegas. Atenderase á data de recepción da inscrición na Liga Galega.

8.- CLASIFICACIÓN FINAL DA LIGA

Para a clasificación final por clubs desta LIGA Galega de Caiac Polo, sumaranse os puntos totais obtidos por todas os equipos do club nas diferentes categorías.

O Campionato Galego será puntuable para a clasificación final tanto para a liga de cada categoría, como para a liga final de clubs. Cada club terá a obrigaón de asistir a todos os torneos de cada categoría para a súa puntuación e premio. No caso da puntuación por clubs, só sumácese a puntuación daquelas categorías onde a asistencia fose do 100%.

O equipo vencedor de cada torneo recibirá un total de 20 puntos, o 2º clasificado 17 puntos, o 3º 15 puntos, o 4º clasificado 14 puntos, e a partir de aquí haberá sempre 1 punto de diferenza por posto obtido.

A non participación dun club implicará unha puntuación de 0 puntos e a perda de premio na Liga

No caso de que só se inscriba un club nun torneo, esa categoría quedaría anulada (só para ese torneo) por falta de equipos participantes, obtendo o club inscrito 20 puntos. En cada torneo ou Campionato puntuasen para a liga e para a clasificación por clubs, todos os equipos inscritos polo club.

Os clubs que non sexan galegos non contarán para a puntuación final do torneo, de face á clasificación na Liga. Unicamente teranse en conta para o reparto de trofeos e/ou medallas de cada torneo, **(os equipos de fóra que queiran participar na nosa liga ou nalgún torneo, terán que pagar a cota de inscrición en cada torneo si non son organizadores de torneos.)**

O equipo que máis puntos some nos torneos puntuables máis o Campionato Galego, proclamarase campión da Liga Galega de Kaiak Polo, nas distintas categorías e da mesma forma para a clasificación por clubs.

O equipo que gañe o Campionato Galego de Kaiak Polo, proclamarase Campión Galego de Kaiak Polo, segundo as distintas categorías.

O Campionato Galego será soamente aberto a TODOS os clubs galegos da Liga.

9.- INSCRICIÓNS DE DEPORTISTAS

Cada club deberá enviar á F.G.P., como prazo límite **15 días antes do 1º torneo ou Campionato que disputará na Liga**, os xogadores que desexa reinscribir en cada categoría. Posteriormente, o club confirmase a inscrición final na reunión de delegados (celebrarase media hora antes de cada torneo), que deberá constar de, polo menos 5 xogadores por equipo inscrito, coa súa licenza federativa para a tempada 2024 debidamente formalizada.

Sen contar cos tres xogadores de tránsito.

Poderán competir padexeiros que non fosen inscritos inicialmente a principio de tempada pero achegásense dentro dos prazos de cada torneo.

Enténdese que si un club realizou a inscrición dun ou varios equipos nas diferentes categorías, estes participarán nos restantes torneos da Liga Galega, non sendo necesaria unha nova inscrición.

Si algún deses equipos non puidese participar no seguinte torneo ou Campionato da Liga, deberá notificalo 15 días antes da celebración da competición.

NO CAMPIONATO GALEGO PODERASE REALIZAR INSCRICIÓN DIFERENTE DO RESTO DOS ANTERIORES TORNEOS. ESTE CAMPIONATO CELEBRÁSESE CON TODAS AS CATEGORÍAS.

O SISTEMA DE COMPETICIÓN DESTE CAMPIONATO GALEGO REXERASE POLA MESMA NORMATIVA QUE O DA LIGA.

10.- DESEMPATES

O desempate na clasificación xeral realizarase segundo os criterios establecidos no Regulamento da Liga Nacional de Caiac Polo.

11.- COMPETICIÓNS PUNTUABLES 2024

Son competicións puntuables desta LIGA 2024, as que figuren como tales no calendario oficial da tempada 2024.

12.- CAMBIOS DE CLUBS

O xogador que participe cun equipo nalgún dos partidos do presente calendario non poderá facelo, na presente tempada, por outro club da Liga.

13.- AREAS DE XOGO

A área de xogo será rectangular e de acordo coas medidas aprobadas no regulamento da R.F.E.P., podendo ser acurtado para a categoría sub-16. A proporción longo-ancho deberá ser aproximadamente de 3:2. O terreo ou área de xogo estará debidamente delimitado por corcheiras que permitan distinguir claramente as marxes que establece o Regulamento da R.F.E.P. As porterías serán da mesma forma e estarán suspendidas á altura que establece o regulamento da R.F.E.P. Na categoría sub-16 poderán estar a unha altura de entre 1 e 2 metros (medindo desde o bordo interior do longueiro inferior ata o nivel do auga).

14.- A PELOTA

A pelota será redonda e terá unha cámara de aire con válvula de auto-peche, resistente ao auga e sen bandas. Será unha circunferencia de entre 68 e 71 cts. e peso de 400 a 450 grs. A circunferencia para as mulleres e sub-16 será de entre 65 e 67 cts. **Si o partido que se vai disputar enfronta a un equipo de homes sub-21 cun de mulleres, serán estas as que elixan o tipo de balón co que se vai xogar.** O equipo nomeado en primeiro lugar de cada partido será o que brinde o balón co que debe xogarse. Así mesmo, o balón de equipo nomeado en segundo lugar deberá estar a disposición da mesa.

15.- IDENTIFICACIÓN e VESTIMENTA

O caiac, a vestimenta, o cubre bañeiras, o casco e o chaleco dos xogadores de cada equipo serán nos mesmos cores. En caso de coincidencia de cores entre equipos nun partido deberá cambiar, a parte que corresponda, o equipo nomeado en primeiro lugar.

No caso da categoría sub-16 non é obrigatorio o uso de cubre bañeiras.

É obrigatorio levar unha camiseta con mangas que cubran, polo menos, a parte superior do brazo.

Cada xogador deberá levar un número que lle identifique, o cal será comunicado ao Equipo Arbitral 30 minutos antes do comezo do seu partido (ata un máximo de 8 xogadores). El número deberá figurar sobre o chaleco ou camiseta, no seu parte frontal e dorsal, o número será de tamaño establecido na normativa da R.F.E.P. O número figurará, tamén, en ambos lados do casco de cada xogador.

O capitán de cada equipo, levará un brazaletes que lle permitirá distinguirse dos demais compañeiros de equipo.

En cada partido o delegado de equipo terá que aportar os D.N.I. ou licenza federativa para identificación dos xogadores antes da celebración de cada encontro.

16.- INSPECCIÓN

O material de cada xogador, caiac, pala, chaleco e casco, poderá ser inspeccionado polo **Xuíz Árbitro** antes do comezo de cada torneo, durante o mesmo ou trala finalización. En caso de observarse irregularidades que puidesen causar lesións aos xogadores deberá facerse substituír de forma inmediata. En caso de observar irregularidades de calquera outro tipo deberán facerse reflectir no Acta Arbitral Final de cada partido.

17.- TEMPO DE XOGO

Cada partido terá unha duración de dúas (2) partes de entre 7 e 10 minutos cada unha e a tempo corrido, controlado pola Mesa a indicación do Árbitro Principal de cada partido.

O tempo de descanso entre cada tempo do total de xogo será de entre 1 e 3 minutos na fase de grupos.

As semifinais e finais xogaranse a 10 minutos a tempo parado, cun descanso entre cada tempo de entre 1 a 3 minutos.

18.- CAMPO DE XOGO

O equipo designado en primeiro lugar dun partido deberá comezar o mesmo na liña de meta á esquerda da Mesa Oficial a non ser que o Capitán dun equipo solicite lanzamento de moeda.

19.- AMOESTACIÓNS e EXPULSIÓNS

Os árbitros poderán sancionar as faltas dos xogadores dos equipos, en cada partido coas seguintes combinacións:

ADVERTENCIAS: Mostrando unha tarxeta de cor verde de forma visible para todos os participantes.

EXPULSIÓN DE 2 MINUTOS: Mostrando, de igual forma que a anterior, unha tarxeta de cor amarela. A acumulación de 3 tarxetas verdes será unha expulsión de 2 minutos polo que se deberá mostrar a tarxeta amarela ao infractor.

EXPULSIÓN DEFINITIVA: Mostrando ao xogador, de igual forma, unha tarxeta de cor vermella. A acumulación de dúas tarxetas amarelas é causa de expulsión definitiva polo que ao infractor mostraráselle a tarxeta vermella.

Todas as incidencias referidas ás tarxetas recolleranse no Acta Final do partido.

No caso de que un xogador sexa expulsado por 2 minutos poderá ser substituído por outro unha vez transcorrido este tempo ou incorporarse o mesmo ao terreo de xogo da forma que indica o regulamento da R.F.E.P.

No caso de expulsión definitiva non poderá ser substituído por un suplente e o equipo permanecerá ata o final cun xogador menos.

No caso de que un xogador sufra a expulsión definitiva nun partido non poderá xogar no partido seguinte do seu equipo, dentro da tempada 2024. Esta sanción poderá ser ampliada, a criterio do Delegado Federativo atendendo á gravidade da mesma.

A acumulación de Tarxetas Amarelas rexeráse pola regulamentación da Liga Nacional. Aplicáse ata no campionato Galego.

O xogador que sexa expulsado definitivamente (Tarxeta Vermella) dun partido, no caso de ter que proceder ao lanzamento de penaltis para desempate, non poderá lanzar nin ser substituído polo que o equipo sancionado só poderán facer 4 lanzamentos na primeira rolda.

Si un xogador recibe unha segunda tarxeta vermella nun mesmo Torneo, será expulsado para o resto do mesmo, non podendo ser substituído en devandito partido pero si no resto de partidos do Torneo.

Cando un xogador acumule 4 tarxetas vermellas nunha mesma tempada, será sancionado con 3 partidos de suspensión.

O resto das condutas incorrectas serán sancionadas de acordo aos distintos regulamentos da R.F.E.P.

No caso dos xogadores que participen en dúas categorías diferentes, a acumulación de tarxetas non será independente para cada categoría.

É tarefa do xuíz árbitro o notificar o delegado de cada equipo a sanción de un xogador antes do inicio do partido. No caso de non facelo, a sanción cumprírase no seguinte. Aquel equipo que no momento de comezar un torneo presente os seus 4 árbitros, pero que despois por algunha circunstancia ao longo do mesmo, non se presente algún deles ou todos no momento en que teñan que arbitrar, poderá ser excluído do Torneo (a menos que o xuíz árbitro considere xustificable a causa da ausencia do equipo arbitral) e o **seu club terá unha sanción económica de 50 euros POR PARTIDO**.

No caso de que un equipo, nalgún momento do xogo quede con menos de 3 xogadores de campo, o partido segundo indica o regulamento quedará suspendido, dándosele por perdido o partido ao equipo que quede con menos de 3 xogadores, e o tanteo será para o equipo perdedor 0, e para o ganador o máximo que conseguise con outro equipo nesa fase do torneo máis un gol.

No caso de que un equipo abandone a competición ou non se presente a un partido s en causa xustificada ante o Xuíz Árbitro, o seu puntuación final no torneo ou Campionato será de 0 puntos e perderá a subvención da liga.

En cada evento será o propio comité o que marque a suspensión dalgún partido ou a totalidade do torneo en función da climatoloxía, falta de material, ou malas condutas por parte de equipos. Este comité de competición estará formado polo xuíz árbitro, delegado federativo e organizador.

Nova secuencia de tarxetas:

Tarxeta verde (falta deliberada ou peligrosa)

Tarxeta Amarela (mostrase directamente, non a segunda verde).

Tarxeta Vermella (despois da tarxeta amarela).

(Tras una tarxeta amarela directa podrá haber una T. verde, se non tivo T.Verde anteriormente, e decir , secuencia de T.AMARELA-VERDE -VERMELLA.)

TARXETAS VERDES COLECTIVAS: A 4a T. Verde será nominal e se convirte en T. Amarela. O

resto de verdes serán T. Amarelas también. A Tarxeta Verde o entrenador suma (capitán).

T.VERDE. NO ÚLTIMO MINUTO PARTIDO, SERÍA T.AMARELA.

20.- MEDIDAS DE SEGURIDADE

O organizador de cada Torneo e/ou Fase será o responsable da seguridade dos participantes no mesmo. En todos os torneos será obrigatorio ter as medidas de seguridade mínimas, ambulancia, protección civil, ou cruz vermella.

21.- ZONAS DE ÁRBITROS

Cando as áreas ou terreo de xogo sexan piscinas consideraranse como **ZONAS DE ÁRBITROS** os bordos da mesma.

Cando as Áreas de Xogo sexan en dársenas ou embalses nos que as marxes lonxitudinais non estean próximas a terra. Será obrigatorio que os árbitros poidan situarse a ambos os dous lados do Campo, así como o Xuíz de Mesa. Para iso o organizador dispoñerá de medios estáticos, situados nas proximidades do Área de Xogo, de forma que garantan o control dos partidos (pantaláns).

22.- EQUIPOS FILIAIS

Para poder presentar equipo filial, os equipos principais deberán presentarse cunha relación mínima de 5 xogadores.

Unha vez comezada a competición, os xogadores dos equipos principais non poderán participar como xogadores dos filiais, nin viceversa.

A non participación dun equipo (xa sexa principal ou filial) previamente inscrito para un torneo ou o abandono da competición do mesmo sen causa xustificada, non supoñerá sanción económica federativa algunha. No entanto, o club ao que pertenza devandito equipo perderá todos os seus dereitos en canto a subvencións federativas relativas ao desenvolvemento desta Liga Galega. Con todo, ese club non perderá a posición final obtida nin o dereito a recibir o recoñecemento ou trofeo acorde coa súa clasificación.

Os clubs que se atopen por baixo na clasificación dun club que perda o seu dereito a premios finais, ascenderán un posto, unicamente de face ao establecemento do reparto de subvencións por posición, pero non se modificará a clasificación final da Liga.

Esta norma afectará individualmente a cada unha das categorías, xa que son consideradas ligas independentes.

Só admitirase unha puntuación de 0 puntos en torneo, pero co dereito á subvención, todo club que xustifique a súa ausencia por CAUSA DE FORZA MAIOR debidamente presentada por escrito e á súa vez aceptada pola xunta directiva da federación galega de piragüismo.

23.- OUTRAS NORMAS

Para todo o que non recolla o presente Regulamento, esta Liga rexerese polo Regulamento Xeral das Ligas Galegas e polo Regulamento Nacional de Kaiak Polo, polo Regulamento Xeral e Técnico de Competicións da R.F.E.P e todas as incorporacións das novas normas aprobadas pola ICF o 1 de enero de 2019., así como polos Regulamentos e Estatutos da F.G.P. que lle sexan de aplicación.

24.- INFORMACIÓN

Para maior información relativa á Liga Galega poderán dirixirse á F.G.P. Tfnos: 986-842106, 986896537, Fax: 986851108 e e-mail: kayak-canoa@fegapi.org